


Tempo lento

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Luns, 06 Xuño 2011 19:21



... Cos ollos atados ao chan, déixome levar. Mentres o fago, escoito como a muller do Volkswagen branco, a mesma que, hai anos, pediu lle proxectase unha casa para unha aldea próxima a *Castroforte del Baralla*,⁽¹⁾ cóntame non sei que cousas; oio pero, ensimesmado, non escoito. Subitamente, detense. Observa con atención e, cun estar ausente, eloxia a traza, o carácter, a osamenta granítica e a pel cerámica, esmaltada en branco, dunha pequena edificación civil. Para min, aínda que non o manifesto, o seu valor, que o ten, só é contextual. Por fin, chegamos. Recíbenos un bulicio saltareiro poboando todo o local e os penosos laios de

Ray Charles; estes veñen dende un retablo de botellas cheas de viño que, ao fondo, ocupan totalmente unha das paredes. Unha ilusión. Mentres tomamos acomodo nunha das poucas mesas baleiras, Geo
rgia on my mind

devén nunha sesenteira rumba catalá. A muller do Volkswagen fala. Ao tempo, leo anunciado nuns pasquíns pendurados das paredes pétreas da taberna, que unha asociación autoproclamada

Espazo Lectura

prepara un acto no devandito local. Substituímos a cervexa pactada por viño tinto; facémolo acompañar de queixo curado de Santa Cristina de la Polvorosa, anchoas e xamón ibérico. E fala; amargamente, quéixase de como á moza, aínda hoxe súa parella, se lle están a podrecer a ilusión e o apaixonamento que, dende hai anos, as ataba. Fártase de viño; seméntame de palabras.

A tarde amarélase; acompáñoa ao Volkswagen. Torcemos nunha esquina e pasamos ante unha praza resgada; unha praza con vocación para selo, pero só iso. Por un lateral desta pasean unha parella de anciáns. El dá pasos moi curtos, ela suxéitase ao seu brazo. Ela leva a cabeza descuberta, el cóbrea cun sombreiro. Con eles vai unha muller que moi ben podería ser a súa filla; aínda que, en realidade, non o é. Venme, sorrinme; fago o propio. Topámonos cunha librería, esta de verdade, co seu escaparate como corresponde e os seus andeis surtidos de libros. Entramos. O lugar é agradable e moi luminoso. Non me resisto, fisgo e descubro que a maioría dos volumes son edicións recentes de obras literarias. Nunha sección de varios, fronteira á de obras en galego, encontro unha terceira reimpresión de *El cine según Hitchcock*

unha vella edición de

Dicho en el vacío, 1897-1900.

A muller do Volkswagen fai envolver, para regalo, un exemplar de

O libro da egoísta

. Xa fóra, tras despedirnos, véxoa afastarse rúa abaixo movéndose coma se, sobre a súa cabeza, soportase unha invisible e pesada carga. (2)

Tempo lento

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Luns, 06 Xuño 2011 19:21

O tempo parece encapsulado. Os pés férvenme dentro dos zapatos. Agora mesmo, camiño sen rumbo e sen atreverme a admitir que, secretamente, aínda aspiro a atoparme co can que atropelei a noite anterior. Precédenme dúas mulleres de mediana idade, baixas e bochudas, falando entre elas pouco menos que a berros. Oio como unha, mentres na súa inflada man dereita suxeita un pequeno bolso coa mesma graza de quen porta unha penitencia, presa dun ataque de nostalxia, bota en falta un antigo cinema emprazado, segundo conta, naquel lugar. Desvíome.

A través dunha pequena ponte de madeira, cruzo un dos ríos que sucán a vila. Cando o fago, nun gran tanque de pedra situado ao seu carón, fornecido de auga do propio río, un home fraco e miúdo, cuxa mirada desvela o seu maxín quebrado, en calzóns, intenta combater a calor, sen que esta sexa para tanto. Ao seu lado, acompañando o brazado feito coa súa roupa, espéran unha lata de refresco. Fronte a el, na outra beira, dous nenos sentados nunha tarima de madeira, cos pés arrandeándose sobre a auga, non lle quitan ollo.

Decido tomar unha cervexa. Sento na terraza máis próxima. Ao pouco tempo, unha muller de ollos grandes, parapetados tras uns lentes, despois de dirixirme unha mirada que non busca aprobación, senta preto. É a mesma que poucas horas antes acompañaba aos anciáns de lento camiñar; unha muller silenciosa que, tras saborear un pequeno grolo da cervexa recién servida, extrae da mochila un exemplar de *Maus* e, con parsimonia e deleite, ponse a ollalo. Obsérvoa subrepticamente. Despois, coa mirada, busco o infeliz que se refrescaba no tanque; atópoo. Segue á súa, agora xa sen calzóns. Alzo a vista, contemplo a paisaxe e lembro algo lido hai anos, referente a un atardecer coma este pero distinto; un atardecer dun verán que xa só o era na lembranza; un atardecer onde a melancolía disparaba con intención. A miña lembranza:

"... Hai algún tempo que veño

notando como a forza do sol languidece e, o que é peor, a luz xa se tingue dun ton entre amarelo e laranxa, sen forza, case sen vida. Hoxe foi un día deses, un día enmeigado, e na terraza, sentados, tomando un viño, escoitando o silencio e observando a paisaxe, tiven tempo para murcharme un pouco. Aínda así, hei de recoñecer que a vista contemplada dende ese lugar, un gran espectáculo en días limpos, en días como o de hoxe, conserva moita da súa beleza. As árbores erguidas, como sentinelas, defendendo o tramo do río comprendido entre as dúas pequenas crebas que dende a terraza abrangue a vista, funcionan como un natural pano de fondo ás, tamén, árbores froiteiras que puntúan o manto de herba recién cortada. □ Sobre este, a través dunha senda pavimentada, circulan e pasean tranquilamente os veciños. O arboredo apenas deixa entrever o antigo lavadoiro público e a, máis recente, ponte de madeira. Esta ocupa o mesmo lugar ocupado no seu día por outra de granito, de orixe medieval. Por riba do pano vexetal intúense os pecados dalgún arquitecto que non desempeñou con valentía o seu oficio. Á miña dereita, nas ventás máis altas dun anódino edificio, aínda a roupa tendida está á espera dun sol que hoxe decidiu non se mostrar. Ao lonxe, baixo un ceo abertamente triste e cada vez máis escuro, xa só se ve, case

Tempo lento

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Luns, 06 Xuño 2011 19:21

imperceptible, a silueta de cor negra azulada da serra,..."

(3)

¿Atmosfera? Pois... si.

(1) Territorio mítico de Gonzalo Torrente Ballester en *A saga-fuga* de J.B.

(2) Este personaxe feminino creino, hai xa un tempo, como depositario eventual dunha determinada tipoloxía de vivenda.

(3) Extracto de *Retallos dun tempo branco; os meus... cadernos de todo*.